Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 09/2025, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2025, que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 19/03/2025, que a continuación se indica:

**Altas en aplicacions de gastos**

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

| **Aplicación** | | **Descripción** | **Créditos iniciais** | **Créditos extraordinarios** | **Créditos finais** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | | |
| 161 | 227.06 | Abastecemento domiciliario de auga.<br>Estudios e traballos técnicos.<br>Contrato menor para apoio redacción expediente concesión ciclo integral da auga deste Concello. | 0,00 | 18.149,99 | 18.149,99 |
| | | **TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS** | **0,00** | **18.149,99** | **18.149,99** |

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

| **Aplicación** | | **Descripción** | **Créditos iniciais antes este expediente** | **Suplementos de crédito** | **Créditos finais** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Progr.** | **Económica** | | | | |
| 160 | 609.00 | Sumidoiros.<br>Outros investimentos novas infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.<br>Cantidade necesaria para facer fronte Adxudicación | 58.765,34 | 187.645,89 | 246.411,23 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | obras execución redes saneamento Foxiños, Cernado, Canle, Melgueiras e Cabanela (Traba). | | | |
| 454 | 619.00 | Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral. Cantidade necesaria para facer fronte ao gasto de Formación de vial, canal de auga e cuneta de formigón en Carrabete-Serantes | 156.737,68 | 8.751,93 | 165.489,61 |
| | | **TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO** | **196.397,82** | | |

**RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS**

| | |
|---|---|
| TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS | 18.149,99 |
| TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO | 196.397,82 |
| **TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS** | **214.547,81** |

**2.º FINANCIAMENTO**

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos siguintes termos:

| Aplicación económica | | | Descripción | Euros |
|---|---|---|---|---|
| **Cap.** | **Art.** | **Concepto** | | |
| 8 | 87 | 870.00 | Remanente para gastos xerais | 214.547,81 |
| | | | **TOTAL** | **214.547,81** |

Segundo.**-** Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 09/2025, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2025 (prorrogado de 2024), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 09/2025, este considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

**7.- APROBACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DAS BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA E PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE GUÍA TURÍSTICO MEDIOAMBIENTAL E DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A CULTURAL, ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL. EXPTE. NÚM. 2025/E005/000004.**

Dase conta da seguinte proposta:

***"PROPOSTA DE ALCALDÍA***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Neste concello están tramitándose os procesos de estabilización de persoal conforme ao establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobándose a oferta de emprego público con data do 06/10/2022 e as bases xerais e específicas destes procesos de estabilización con data do 23/05/2023.*
*Conforme a este proceso estabilizáronse 9 das 11 prazas ofertadas, quedando pendente 2 delas, a de guía turístico e medioambiental e a de animador/a cultural, estando aprobadas e publicadas as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas.*
*Nestes dous procesos pendentes de estabilizar detectouse que nas bases aprobadas para a súa tramitación, se requiría unha titulación superior á esixida no seu día para o ingreso nesta Administración.*
*Solicitáronse e constan no expediente municipal o informe de secretaría de data 12 de decembro de 2024 e o informe xurídico do servizo de Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña, de data 27 de febreiro de 2025.*
*Atendendo ao disposto no art. 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas: "Artículo 106. Revisión de disposiciones y actos nulos.*
*1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1."*
*Á vista destes antecedentes, e de acordo co previsto no art. 106.1 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise necesario iniciar o correspondente expediente de* ***Revisión de oficio do acto*** *de aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, en base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, que dispón que "Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.", por lesionar o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución Española, ao requirirse nas bases específicas de selección destas dúas prazas, unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta Administración destes postos que se están estabilizando.*
*Visto que a aprobación para iniciar este expediente de Revisión de oficio corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao disposto no artigo 22.2.j) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,*
*Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*
***Primeiro****.- Iniciar o procedemento para a Revisión de oficio do acto de Aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023. En base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, que dispón que "Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.", por lesionar o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución Española, ao requirirse nas bases específicas de selección destas dúas prazas, unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta Administración destes postos que se están estabilizando*
***Segundo****.- Suspender a execución do acto administrativo impugnado ata a recepción do Ditame do Consello Consultivo de Galicia.*
***Terceiro****.- Notificar o inicio do procedemento ás persoas interesadas para que no prazo de dez días presenten as alegacións que consideren necesarias."*

O sr. alcalde explica o expediente.
A concelleira do BNG, dona María Cristina Vázquez del Prisco manifestase favorable á continuidade do expediente de estabilización das prazas, xa que a súa preocupación era que as prazas de guía turístico e medioambiental e de animador/a cultural quedaran sen estabilizar.
Intervén o sr. alcalde e da conta que a RPT está elaborada e o próximo trámite sería a convocatoria dos sindicatos.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [ (5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)].
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS:** 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS).

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**Primeiro**.- Iniciar o procedemento para a Revisión de oficio do acto de Aprobación das bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de guía turístico e medioambiental e de 1 praza de animador/a cultural, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023. En base á causa de nulidade prevista no art. 47.1.a) da Lei 39/2015, que dispón que "Los actos de las Administraciones Públicas son nulos de pleno derecho en los casos siguientes: a) Los que lesionen los derechos y libertades susceptibles de amparo constitucional.", por lesionar o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución Española, ao requirirse nas bases específicas de selección destas dúas prazas, unha titulación superior á que se esixiu no seu momento para o ingreso nesta Administración destes postos que se están estabilizando

**Segundo**.- Suspender a execución do acto administrativo impugnado ata a recepción do Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**Terceiro**.- Notificar o inicio do procedemento ás persoas interesadas para que no prazo de dez días presenten as alegacións que consideren necesarias.

**8.- APROBACIÓN DA RETRIBUCIÓN PARA 2025, DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS FORMULADA POR VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA. EXPTE. NÚM. núm. 2024/X998/000315.**
Dase conta da seguinte proposta:

***Asunto: Solicitude de retribución para 2025 do servizo municipal de augas formulada por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia.***
***Expte. Núm. 2024/X998/000315***

***ANTECEDENTES.***
***PRIMEIRO****. O Pleno do concello de Laxe adxudicou, en data 28 de xuño de 2001, a concesión administrativa do servizo municipal de augas á empresa (segundo a denominación actual) VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U..*
*A duración inicial de dito contrato expirou en data 30 de setembro de 2016, acordándose a prórroga prevista no contrato de un ano, con vixencia ata o día 30 de setembro de 2017.*
*Ao remate de dita prórroga, o concello de Laxe acordou, previa comunicación e aceptación da empresa, a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. nas mesmas condicións de execución e prezo estipuladas no contrato vixente, polo tempo necesario para e adxudicación do novo contrato.*
*Este procedemento está pendente da licitación, polo que se mantén en vigor a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.*
***SEGUNDO.*** *Resolución de Alcaldía nº 340/2020 de 01.07.2020, na que acórdase estimar a solicitude de Viaqua da nova retribución paro o ano 2020 en 0,483938 m3 facturado.*
***TERCEIRO.-*** *Acordo plenario de 28.10.2021, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2021 en 0,556480€m3 facturado.*

***CUARTO.-*** *Acordo plenario de 25.10.2022, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2022 en 0,603054€m3 facturado.*
***QUINTO.-*** *Acordo plenario de 30.11.2023, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2023 en 0,72821€m3 facturado.*
***SEXTO.-*** *Acordo plenario de 18.07.2024, que aproba a nova retribución de viaqua para o ano 2024 en 0,834849€m3 facturado.*
***SÉTIMO.-****Solicitude presentada pola concesionaria VIAQUA SAU de data 01.10.2024 polo que interesa un incremento da retribución para o ano 2025 para recuperar o equilibrio económico do servizo.*
***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS****.*
***PRIMEIRA. A Lexislación aplicable é a seguinte:***
*- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
*- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*
*- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no que estea vixente logo da entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).*
***SEGUNDA****. O apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (e diante LCSP), establece respecto dos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*«2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.»*
*Polo tanto, o réxime xurídico de aplicación deste contrato é o contido no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).*
***TERCEIRA**. O réxime xurídico aplicable á revisión de prezos no TRLCAP está regulado nos artigos 103 a 108.*
*Estas disposicións contemplan o mecanismo de revisión de prezos en función de considerar como circunstancia previsible a variación dos prezos polo mero transcurso do tempo, e establecendo unha fórmula automática de aplicación en base a índices oficiais sobre a evolución xeral dos prezos e remitindo, para a súa concreción, á fórmula ou sistema de revisión de prezos fixado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)*
*Atendendo aos propios Pregos de cláusulas administrativas que rexeron a licitación, ha de considerarse que neste caso é de aplicación o sistema de modificación das retribucións ordinarias en base á actualización do IPC, sempre que se verifique o cumprimento dos demais requisitos establecidos no PCAP.*
*Analizada a solicitude e considerando a natureza xurídica da relación entre o Concello e a concesionaria, as contraprestacións a percibir por VIAQUA SAU así como a determinación dos conceptos que compoñen o importe da contraprestación recibida por o concesionario, e considerando que resulta de interese para o Concello de Laxe que os custes de asunción da enerxía eléctrica da ETAP sigan sendo asumidos pola concesionaria,*
*Considerando o disposto pola Xunta consultiva de contratación administrativa do Estado no informe de 9 de maio de 2019, núm. 31/17, así como a sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, na sentencia nº 119/2017 de 2 de xuño, que anuda o dereito do contratista ao resarcimento co principio da interdicción do enriquecemento inxudto da parte que coa súa actuación provoca a obriga do contratista de executar fora do contrato,*
*Esta Alcaldía, no uso das atribucións establecidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
***PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2025, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento do Concello de Laxe, de 0,854067 €/m3, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP.*
***SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.*
*O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.*
***TERCEIRO.-** Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.*

O sr. alcalde explica o expediente.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 7 [ (5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)].
**VOTOS EN CONTRA:** 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS).
**ABSTENCIÓNS:** 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar unha retribución a concesionaria para o exercicio 2025, para recuperar o equilibrio económico do servizo de abastecemento do Concello de Laxe, de 0,854067 €/m3, mantendo a concesionaria (VIAQUA) a asunción duns custos da enerxía eléctrica da ETAP.

**SEGUNDO.-** Notificarlle a presente resolución ao interesado, indicando que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano, tendo carácter preceptivo e previo ao recurso contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer recurso é dun mes dende a data de notificación da presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou ata que se produza a súa desestimación por silencio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se notifique a súa resolución, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto ante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente. O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados o día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou seis meses dende a data en que se produza o acto presunto, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

**TERCEIRO.-** Darlle traslado da presente resolución á Tesourería municipal.

**9.- APROBACIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE PRETENDE ACOMETER A DEMARCACIÓN DE COSTAS, NAS PRAIAS DE SOESTO E TRABA. EXPTE. NÚM. 2025/X999/000014.**
Dase conta da seguinte proposta:

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA***
***Expte. Núm. 2025/X999/000014***
*Visto o escrito da Demarcación de Costas de Galicia de data 18/11/2024, na que comunicaba a este concello as actuacións de loita contra a erosión na costa da Coruña, para o aumento da súa resilencia e fortalecemento do litoral frente aos efectos do cambio climático, fase I.*
*Vistas as actuacións previstas:*
***"Definición de actuaciones en la playa de Soesto (T.M. Laxe)***

➢ ***OBJETIVO DE LA ACTUACIÓN***

*La playa de Soesto y su sistema dunar forman un arenal encajado entre dos zonas montañosas, extendiéndose a lo largo de unas 25 Ha y creando un espacio de gran valor paisajístico y medioambiental. Aunque la zona presenta un índice de ocupación bajo, debido a su difícil acceso y a las limitaciones al aparcamiento que se han ido imponiendo en consonancia con las características naturales de la zona, persisten varias presiones antrópicas sobre el arenal que hacen recomendable la actuación de la Demarcación de Costas.*

- *En la parte central de la duna, adyacente al área de aparcamiento, junto a un meandro del arroyo de Soesto, se encuentra una superficie de unos 8.500 m2 ocupada por un merendero. Esta ocupación rigidiza el arenal impidiendo el funcionamiento natural del sistema formado por la playa, la duna y el arroyo que discurre por la depresión húmeda intradunar. Por otro lado, modifica la naturaleza de una superficie considerable, que deja de estar disponible para el desarrollo del hábitat local, y puede suponer un foco de contaminación puntual o de afección a ciertas especies derivada de la presencia de mascotas. Por todo ello, se considera que debe recuperarse el carácter natural del terreno retirando las instalaciones existentes. Junto a esta actuación, se levantará un pequeño tramo de pasarela que, partiendo de la pasarela principal, da acceso al merendero por su esquina sur y que se encuentra actualmente cubierto de vegetación.*
- *Como en otros sistemas dunares, la falta de itinerarios de acceso al frente de playa debidamente señalizados o el uso intensivo de los accesos existentes fomenta la desaparición de la cubierta vegetal en algunos corredores a causa del pisoteo de los usuarios de la playa, estableciendo pasillos de deflación en los que la falta de cobertura vegetal puede facilitar una erosión más intensa que fragmente el cordón dunar. Para paliar estos problemas, se propone la señalización de algunos itinerarios y la restricción de paso en otros caminos mediante pilotes de madera hincados y cuerda. También se plantea la construcción de un tramo de pasarela en la zona norte que conecte el aparcamiento con un tramo de pasarela ya existente que salva el arroyo de Soesto junto a su desembocadura.*

➢ ***PLAZO DE EJECUCIÓN**: 2 meses.*

➢ ***DESCRIPCIÓN DE LOS TRABAJOS***

*Los objetivos de esta actuación se conseguirán llevando a cabo las medidas que se detallan a continuación:*

- *se retirará el antiguo cierre de pilotes con cuerda que existe a la salida del aparcamiento y que está totalmente deteriorado. En su lugar se construirá una pasarela de madera que conecte con la pasarela ya existente en la zona norte y que salva el cauce del arroyo de Soesto.*
- *se colocarán cierres de pilotes con cuerda para delimitar las zonas de acceso y evitar el paso peatonal al sistema dunar y la apertura de nuevos senderos que dañen la cubierta vegetal.*
- *se cerrarán los accesos por algunos caminos y se revegetarán las zonas más degradadas plantando especies dunares (barrón o Ammophila arenaria, grama marina o Elymus farctus, azucena o Pancratium maritimum, cardo marino o Eringyum maritimum, etc. en función de la vegetación existente en el entorno a regenerar).*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *se levantará el área recreativa, eliminando el mobiliario urbano (mesas, bancos, etc.) y los materiales de relleno de origen alóctono. Se suprimirá el cierre perimetral del merendero, salvo el tramo que lo separa del aparcamiento. Se levantará igualmente un pequeño tramo de pasarela que da acceso al merendero, actualmente*




*cubierto por vegetación.*

***<u>Definición de actuaciones en la playa de Traba (T.M. Laxe)</u>***

1. ***OBJETIVO DE LA ACTUACIÓN***

*La playa de Traba se extiende a lo largo de más de 2,5 km, creando a su espalda un complejo sistema dunar cuya característica más singular es la presencia de una importante laguna de más de 4 Ha. en la depresión húmeda situada detrás de la duna. El complejo dunar ha sido objeto de diversas actuaciones de la Demarcación de Costas de Galicia, por lo que el espacio se encuentra ordenado y los itinerarios a través y alrededor del sistema –principalmente en forma de pasarelas elevadas de madera- presentan buenas condiciones de accesibilidad y protección del entorno. No obstante, se ha observado la presencia de varios caminos de acceso al frente de playa*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*desde las pasarelas. Estos itinerarios, de trazado aproximadamente transversal al cordón dunar, eliminan la frágil vegetación a lo largo de todo su recorrido, incluso a pesar de que el número de usuarios no sea especialmente elevado. Además, en la duna de Traba, varios caminos han ganado una anchura considerable, debido a que los peatones abren nuevas vías al ser más sencillo coaminar por zonas tupidas de vegetación baja que por la propia arena suelta. Con esta problemática, se plantean dos tipos de actuaciones:*

- *Impedir el acceso a algunos caminos transversales, especialmente cuando exista una alternativa con menor afección a una distancia razonable. Este será el caso en un de los accesos que atraviesan la duna desde el aparcamiento de Mórdomo, al sur de la playa. Para ello, además de cortar el acceso mediante un cierre blando compuesto de pilotes de madera hincados y unidos mediante cuerda, se llevará a cabo una plantación de especies dunares y la colocación de captadores de arena para regenerar la banda degradada.*
- *Se señalizarán mediante pilotes de madera y cuerda dos accesos en la zona norte y central de la duna, separados entre sí 360 m. De esta forma, se limitará la zona de tránsito y se reducirá el impacto generado por el pisoteo.*

*Por otro lado, se llevarán a cabo labores de mantenimiento de los elementos existentes, reponiendo pilotes y cuerda o ejecutando pequeñas reparaciones en las pasarelas.*

2. ***PLAZO DE EJECUCIÓN**: 2 meses.*

3. ***DESCRIPCIÓN DE LOS TRABAJOS***

*Los objetivos de esta actuación se conseguirán llevando a cabo las medidas que se detallan a continuación: Acceso Norte:*

a. *Se colocarán dos cierres de pilotes con cuerda para evitar el paso peatonal al sistema dunar y la apertura de nuevo senderos que dañen la cubierta vegetal. Se demolerán previamente los cierres de pilotes existentes que se encuentran muy deteriorados.*

*Acceso Sur:*

b. *Se revegetarán las zonas más degradadas plantando especies dunares (barrón o Ammophila arenaria, grama marina o Elymus farctus, azucena o Pancratium maritimum, cardo marino o Eringyum maritimum, etc. en función de la vegetación existente en el entorno a regenerar). Eventualmente, se colocarán captadores de arena en zonas deprimidas de la duna.*

c. *Se colocará un cierre de pilotes con cuerda para evitar el paso peatonal al sistema dunar y la apertura de nuevo senderos que dañen la cubierta vegetal.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es




Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es




*Tendo en conta, o estado no que se atopan as estruturas de formigón e pedra pechadas dos antigos accesos á praia de Laxe, co fin de preservar a zona dunar.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Visto o anteriormente exposto, propoño ó Pleno da Corporación a seguinte:*
***PROPOSTA***
***Primeiro.*** *O Pleno da Corporación manifesta a seu acordo coas actuacións propostas na Praia de Soesto e Praia de Traba, a excepción da actuación de levantamento da zona do merendeiro e parque infantil de Soesto.*
***Segundo.*** *Solicitar, en aras de eliminar ocupacións sobre o dominio público marítimo terrestre e preservar o espazo dunar da praia de Laxe e ordenando a accesibilidade dende o paseo marítimo, a execución por parte desa Demarcación das seguintes actuacións:*
*- Demolición de estruturas de formigón e pedra (antigos accesos á praia), recolocación de perpiaños e albardillas, nos accesos que se definen no seguinte croquis:*



***Terceiro.*** *Este concello comprométese ao mantemento e conservación das actuacións unha vez finalizadas, ao igual que ao resto do paseo marítimo.*

O sr. alcalde explica brevemente o expediente e as obras que a Demarcación de Costas pretende acometer.
Intervén o concelleiro do Grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS preguntando se houbo algunha clase de xestión anterior con Costas.
O alcalde explica todas as actuacións de Costas realizadas con anterioriedade e que a súa pretensión é a de retomar un proxecto de 2013, que se enviou a Patrimonio Natural e están a espera de se é viable.
Intervén dona María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG preguntando a partir de cando comenzaría a contar o prazo de dous meses de execución dos traballos.
O sr. Alcalde contesta que primeiro e dar traslado desta proposta e xa logo eles nos dirán.
Intervén de novo dona María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifestando que se debería arranxar a zona do merendeiro e parque infantil de Soesto.
O sr. Alcalde contesta que a intención de Costas é a de retirar todo e a do concello é que se acometan as obras á excepción da retirada do merendeiro e parque infantil de Soesto.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo).
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

**Primeiro.** O Pleno da Corporación manifesta a seu acordo coas actuacións propostas na Praia de Soesto e Praia de Traba, a excepción da actuación de levantamento da zona do merendeiro e parque infantil de Soesto.

**Segundo.** Solicitar, en aras de eliminar ocupacións sobre o dominio público marítimo terrestre e preservar o espazo dunar da praia de Laxe e ordenando a accesibilidade dende o paseo marítimo, a execución por parte desa Demarcación das seguintes actuacións:

- Demolición de estruturas de formigón e pedra (antigos accesos á praia), recolocación de perpiaños e albardillas, nos accesos que se definen no seguinte croquis:



**Terceiro.** Este concello comprométese ao mantemento e conservación das actuacións unha vez finalizadas, ao igual que ao resto do paseo marítimo.

**<u>10.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 173/2025, DO 07/03/2025, EN CANTO Á ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA), ANO 2025. EXPTE. NÚM. 2025/A006/000001.</u>**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 173/2025, do 07/03/2025, en canto á aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina) en 2025.
Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando ratificada a dita resolución por unanimidade dos presentes.

**B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**
**11. MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS:**

**11.1. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para o control e tratamento das palmeiras afectadas polo picudo vermello . Expte. núm. 2025/G006/000004.**
Dase conta da moción presentada:

*"MOCIÓN PARA O CONTROL E TRATAMENTO DAS PALMEIRAS AFECTADAS POLO PICUDO VERMELLO (RHYNCHOPHORUS FERRUGINEUS)*
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acorddo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamnto e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de xaneiro de 2025.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*O picudo vermello (Rhynchophorus ferrugineus) é unha praga altamente destrutiva que afecta a diferentes especies de palmeiras, especialmente as pertencentes ao xénero Phoenix, como a palmeira canaria (Phoenix canariensis). Esta praga supón un problema ambiental, económico e paisaxístico, xa que as palmeiras son unha parte importante do noso patrimonio natural e cultural.*
*A súa expansión pode levar á desaparición de exemplares históricos e ornamentais, ademais de ocasionar importantes custos de erradicación e substitución. Así mesmo, a súa presenza pode supoñer un risco de seguridade cidadá debido á posibilidade de caída de partes das árbores afectadas.*
*1) Grave impacto ambiental e paisaxístico: O picudo vermello ataca de forma letal as palmeiras, provocando a súa morte nun curto período de tempo. Isto afecta negativamente á paisaxe urbana e ao equilibrio dos ecosistemas.*
*2) Obrigación legal: O Real Decreto 739/2021, polo que se establecen as medidas de control do picudo vermello, obriga ás administracións locais e propietarios particulares a tomar medidas preventivas e de control para evitar a propagación desta praga.*
*3) Prevención e sensibilización: A loita contra esta praga require accións conxuntas que inclúan a identificación temperá, o tratamento fitosanitario, a eliminación de exemplares afectados e campañas de información para a cidadanía.*
*Por todo isto, o Grupo Municipal de Unidas Podemos propón ao Pleno do Concello de Laxe a adopción dos seguintes acordos:*
*- Censo de palmeiras: realizar un censo de palmeiras no termo municipal, tanto en terreos públicos como privados, para identificar e monitorizar os exemplares afectados ou en risco.*
*- Plan municipal de control: Desenvolver e implementar un plan municipal de loita contra o picudo vermello, que incúa accións de prevención, detección precoz, tratamentos fitosanitarios e a retirada segura de exemplares irrecuperables.*
*- Colaboración interadministrativa: Solicitar o apoio técnico e económico da Xunta de Galicia, así como a coordinación con outras administracións e entidades especializadas na loita contra esta praga.*
*- Campañas de sensibilización: Realizar campañas de información e formación dirixidas á cidadanía e aos propietarios de palmeiras, para que coñezan os sinais de infestación, os procedementos de tratamento e as obrigas legais de mantemento.*
*- Medidas legais: Establecer ordenanzas municipais ou normativas específicas que regulen a obriga dos propietariois das palmeiras de tratar os exemplares afectados, así como sancións en caso de incumprimento.*
*- Seguimento e avaliación: Crear un sistema de seguimento e avaliación das medidas adoptadas, garantindo a súa efectividade e adaptando as ac actuacións segundo a evolución da praga.*
*Por tanto, instamos ao Concello a adoptar esta moción e poñer en marcha as medidas necesarias para protexer o noso patrimonio natural e paisaxístico, garantindo a loita efectiva contra o picudo vermello e a preservación das nosas palmeiras."*

O integrante do Grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS, di que é unha cuestión bastante obvia e insta ao concello a manter as que esten vivas.
A concelleira do BNG, dona Isabel María Toja Toja manifesta que se poderían sustituir todas as palmeiras que esten afectadas, por árbores autóctonas galegas.
O sr. Alcalde manifesta que o que se pide, conleva un gasto inasumible polo concello, o que se pretende ir retirando as que esten afectadas e na medida do posible ir sustituindo por algunha árbore autóctona.
O integrante do Grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS indica que poderían sustituir as que estén afectadas e instar a outras administracións a que se encarguen do gasto.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**VOTOS A FAVOR:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].
**VOTOS EN CONTRA:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a moción proposta.

**11.2. Moción que presenta UNIDAS PODEMOS para a mellora da atención sanitaria pública e protección dos dereitos dos cidadáns. Expte. núm. 2025/G006/000004.**
Dase conta da moción presentada:
*"MOCIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA PÚBLICA E PROTECCIÓN DOS DEREITOS DOS CIDADÁNS.*
*que presenta o concelleiro de Unidas Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 27 de marzo de 2025.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*
*A sanidade pública en Galicia, un dos servizos máis importantes para a cidadanía, está a atravesar unha situación de precariedade que afecta directamente á calidade do servizo e ao benestar das persoas. Neste sentido, desde Podemos e como parte activa de SOS Sanidade Pública, queremos facer un chamamento á acción urxente para mellorar a infraestrutura sanitaria no noso municipio e garantir un servizo de saúde público de calidade para todas as persoas que residimos en Laxe.*
*O deterioro das infraestruturas, a falta de persoal e os recortes orzamentarios teñen consecuencias graves para a atención á cidadanía, causando demoras inaceptables e dificultando o acceso á atención médica adecuada. Neste contexto, é necesario que o Concello de Laxe se posicione activamente en defensa da sanidade pública e inste as autoridades competentes a adoptar medidas concretas.*
*Proposta de acordo:*

1. *Instar ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) a mellorar as infraestruturas do centro de saúde de Laxe e da área próxima, modernizando as instalacións para garantir unha atención sanitaria digna e adecuada ás necesidades da poboación.*
2. *Exixir o reforzo do persoal sanitario no centro de atención primaria do municipio, coa incorporación de máis profesionais que garantan unha atención de calidade, reducindo as demoras e mellorando a accesibilidade ao servizo.*
3. *Solicitar a dotación de recursos materiais suficientes no centro de saúde de Laxe, para garantir que a atención aos pacientes sexa eficiente e segura, especialmente en relación ás probas diagnósticas e tratamentos especializados.*
4. *Instar á implementación de novas tecnoloxías, como sistemas de telemedicina e xestión remota de pacientes, especialmente para as persoas que residen en zonas rurais e lonxe dos centros urbanos.*
5. *Fomentar o traballo conxunto coas organizacións cidadás e SOS Sanidade Pública para garantir que as demandas da cidadanía sexan escoitadas e atendidas polas administracións competentes, loitando por unha sanidade pública forte, accesible e universal.*

*En base ao exposto, propoñemos ao pleno do Concello de Laxe a adopción dos seguintes*
*ACORDOS:*

- *Instar ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) a mellorar as infraestruturas e dotacións do centro de saúde do municipio.*
- *Reforzar a contratación de persoal sanitario no centro de atención primaria de Laxe, facendo especial fincapé na tempada estival.*
- *Solicitar os recursos materiais e tecnolóxicos necesarios para garantir unha atención sanitaria de calidade.*
- *Fomentar a colaboración coas entidades cidadás en defensa da sanidade pública."*

O integrante do Grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS, manifesta que se fai eco das manifestacións de SOS Sanidade Pública.
As concelleiras do BNG presentes manifèstanse a favor da proposta aínda que o Pleno non é o lugar para requirilo, xa que é competencia da Xunta, pero que van votar a favor.
O sr. alcade manifesta que é unha moción xenérica que se pode presentar en calquera sitio, que falou cos médicos do Centro de Saúde con respecto o tema de persoal e de material. Hai que dirixirse ao Goberno central, xa que o problema é que non hai médicos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: um2cK7F0e4CiF4yqi4B4 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**VOTOS A FAVOR:** 3 [2 do BNG (Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)].
**VOTOS EN CONTRA:** 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a moción proposta.

**11.3. Moción que presenta o BNG en canto á solicitude á AXI a solucionar de xeito inmediato o problema da urbanización situada na Avda. Isidro Parga Pondal xunto no acceso principal ao casco urbano de Laxe. Expte. núm. 2025/G006/000013.**
Dase conta da moción presentada:
*"María Cristina Vázquez del Prisco, con DNI 47359223S, en calidade de concelleira-portavoz do Bloque Nacionalista Galego (BNG) adscrita ao grupo municipal do BNG, ao abeiro do art.97.3 do RD 2569/86 (ROF) presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno Ordinario do día 27 de marzo, a seguinte MOCIÓN:*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*Dende fai anos os veciños e veciñas da urbanización de chalets de Fenllido en Laxe, situada en pleno casco urbán xusto no acceso á vila a pé da AC-429 veñen sufrindo a seguinte situación:*

- *na marxe dereita (dirección Ponteceso) atopámonos dous enormes furados, en menos de 25 metros, de gran profundidade que quedaron unha vez rematada a beirarrúa da urbanización*
- *estes furados teñen provocado mesmo a caída de varios vehículos ao longo dos anos.*
- *no primeiro deles, como se ve nas fotos adxuntas, vese claramente que os tubos de pluviais e fecais están ao aire e interrumpidos.*
- *xunto co peralte desta estrada, esta situación provoca que a auga quede estancada xerando unha situación de insalubridade grave para toda a veciñanza, aparecendo mesmo a presenza de ratas que teñen entrado nas propias vivendas.*

*Estamos ante un caso flagrante de perigo na seguridade vial e de insalubridade que sofre toda a veciñanza da zona.*
*Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal do BNG propón a adpoción do seguinte*
*ACORDO*
*O Pleno da corporación municipal do Concello de Laxe acorda por UNANIMIDADE solicitar á Axencia galega de infraestructuras da Xunta de Galicia a solucionar de xeito inmediato o problema desta urbanización sita na rúa Isidro Parga Pondal xunto no acceso principal ao casco urbano da vila de Laxe."*

O integrante do Grupo Mixto, don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS, manifestase a favor, xa que é un acceso con defectos.
